

# Un sistema estatal de rendas mínimas garantidas

**Héctor Maravall**

Adxunto á Secretaría Xeral da Confederación Sindical de CCOO

A sociedade española conviviu tradicionalmente cuns niveis elevados de poboación en risco de pobreza ou exclusión social, que mesmo nos períodos de alto e longo crecemento económico (1996-2007) non demos baixado do 17%. Trátase, polo tanto, dun problema enquistado e crónico que atinxe a varios millóns de persoas.

É certo que a situación de pobreza en España non ten as mesmas características que noutras sociedades, como as de boa parte de África, Iberoamérica ou Asia, e mesmo de países do leste de Europa. A nosa fronteira de ingresos anuais por persoa —onde se sitúa o limiar da pobreza— é de 7.500 euros anuais. Porén, que esteamos a falar dunha pobreza en termos relativos, non reduce a súa gravidade nin xustifica a súa existencia. Somos un dos países ricos do mundo, pero tamén somos un país moi inxusto, con altos niveis de desigualdade, algo que este sindicato considera inadmisíbel.

A partir de comezos dos anos noventa do século pasado, o noso traballo sindical en todas as comunidades autónomas fixou entre os seus obxectivos o establecemento de sistemas autonómicos de rendas mínimas, o que, con diversas denominacións e distinto alcance e características, fomos logrando na última década do século xx.

Non ten faladoiro que as rendas mínimas autonómicas e os distintos programas de inserción social contribuíron a frear e paliar as situacións de pobreza ou exclusión social, pero non lograron reducilas, polo menos de ma-



neira substancial. De feito, cando se inicia a crise económica no ano 2008, a taxa de risco de pobreza situábase no 19,6% da poboación, 2,6 puntos por riba da media da Unión Europea; e a diferenza aumentaría sensiblemente se nos fixásemos só nos Estados máis desenvolvidos de Europa. Cómpre subliñar que nos últimos vinte anos, as institu-

cións comunitarias veñen reiterando a importancia de establecer sistemas de rendas mínimas garantidas e marcaron unhas características básicas que deberían aparecer na súa regulación; recomendacións e indicacións que os sucesivos gobernos españois non cumpriron.

A crise económica, a súa profundidade e longa duración tive-

ron efectos demoledores na evolución das situacións de risco de pobreza e exclusión. Co método tradicional de medición dos riscos de pobreza, no ano 2012 afectarían ao 21,1% da poboación, e utilizando o novo sistema de medición AROPE (*At Risk of poverty and/or exclusion*) estaríamos a falar do 26,8% da poboación (en Galicia, o 23,7%).

Esta realidade reflicte que os instrumentos tradicionais de protección social españois son incapaces de afrontar ao xeito as consecuencias da situación de grave crise, e a iso engádense os resultados dos recortes nas políticas sociais. As prestacións por desemprego, nas súas diversas modalidades, as rendas mínimas autonómicas e outros mecanismos de axuda social resultan claramente insuficientes. De feito, no ano 2012 había en España máis de seiscentos mil fogares que carecían de ingresos procedentes do traballo nin de prestacións sociais públicas.

Estamos, polo tanto, ante unha evidente situación de emerxencia social que require respostas inmediatas e efectivas e cuxa máxima responsabilidade lle compete á Administración xeral do Estado. Por iso, CCOO deseñou unha proposta de sistema estatal de rendas mínimas garantidas, coa participación de todas as organizacións territoriais e de rama que fan parte da nosa Confederación e co apoio de expertos que levan moitos anos traballando no ámbito da loita contra a pobreza. Esa proposta debe ser aprobada de xeito urxente para que apareza xa con financiamento nos orzamentos estatais do 2014. O conxunto da Confederación debémos implicar na súa difusión, en xerar presión social e tecer unha ampla rede de alianzas sociais.

## A proposta de CCOO

- A proposta de CCOO é respectuosa coas competencias que a Constitución lles recoñece ás comunidades autónomas canto ao financiamento e á xestión.
- Ten o carácter de dereito universal, permanente mentres se manteña a situación de risco de pobreza, igual para toda a cidadanía —viva onde viva— e esixible como tal dereito ante a xurisdición laboral.
- Non pretende nin substituír, nin reducir os compromisos e obrigas actuais dos sistemas de rendas mínimas autonómicas.
- Ten como obxectivo prioritario a pobreza extrema, os máis de seiscentos mil fogares sen ingresos nin prestacións.
- Recolle as novas realidades e formas de convivencia da nosa sociedade.
- Estimula a procura de emprego e a efectiva integración social e laboral.
- Recoñece o papel e a colaboración das corporacións locais na xestión do sistema.
- Garante o mantemento do nivel de prestacións que xa recoñeza cada comunidade autónoma.
- É viable financeiramente. Terá unha aplicación gradual, cunha contía inicial modesta para que non se poida considerar inasumible.
- A proposta de CCOO está aberta á negociación co Goberno de España, cos grupos parlamentarios, coas comunidades autónomas e coas ONG que loitan contra a pobreza.